

# O fotograma vermello

## Asamblea do CSO Casa das Atochas

A nova aparecía en decembro do ano pasado e con leves retoques chega a hoxe: “Un grupo de cineastas, músicos, escritores, activistas, xornalistas e programadores culturais galegos retratarán a Casa das Atochas nunha proposta artística en forma de filme colectivo. Miguel Castelo, Marcos Nine, Alberte Pagán, Eloy Enciso, Ángel Rueda, Anabel Varela, Ana Domínguez, Lucía Bello, Anxela Caramés, Iago Martínez, Alexandre Cancelo, Gustavo Balza, David Castro Sopeña, Xurxo Chirro, Luís Liaño, Xosé Bocixa, Pablo Cayuela, Alejandro Durán, Urro, Ramiro Ledo, José Manuel Sande, Coco Lens, Pablo Outón, Iago González, Xan G. Viñas, Aurelio Castro, os poetas Xiana Arias, Daniel Salgado e Xoán Abeleira, colectivos como Olho Livre, Galiza Contrainfo ou Unión Libertaria son algúns e algunhas das responsables creativas desta proposta.

Eles e elas serán as encargadas, aproveitando a efervescencia da proxecto político e sociocultural enmarcado no coruñés barrio das Atochas/Monte Alto e iniciado no ano 2008, de realizar un filme de episodios ou composto por diversas pezas cunha liña común de compromiso, tentativa de reflexo de experiencias socioculturais independentes, acompañado da exploración por unha linguaxe audaz, plural e iconoclasta.

A película -acompañada doutras distintas intervencións artísticas a celebrar por estes e outros axentes nos vindeiros meses- posuirá diversos episodios hilvanados polo nexo -directo ou metafórico- do coñecido centro cultural galego, unha indagación mediante materiais como entrevistas, metraje de arquivo, found footage, representacións e ficcionalizacións, dos procesos históricos, os movementos civís alternativos e as carencias dun audiovisual elaborado e esixente que interveña na realidade ao tempo que retrate outras experiencias e formas de vida que arraiguen na conciencia e ontribúan de modo notable ao disfrute cidadán».

Coa desaparición do espazo físico da Casa das Atochas o pasado 12 de abril –en absoluto disolución ou falecemento do proxecto e do seu espírito, agora con estrutura e ac(tua)cións itinerantes-, días despois do seu 3º aniversario, as vertas artístico-políticas focalizadas en torno ao proxecto están agora máis vivas que nunca. Os vindeiros meses asistiremos a unha explosión de xúbilo creativo neste sentido. A análise centraráse en moitos elementos, que van da subversión sobre o filme militante tradicional á exploración en ámbitos oficialistas abusivos (os procesos mediático, policial ou xudicial, por exemplo). Como mostra, a Casa das Atochas deixou hai meses un texto a modo informativo, unha declaración de intencións –recollida parcialmente no libro NON CONCILIADOS- coas súas reflexións sobre a ruptura con discursos audiovisuais hexemónicos e as posibilidades de propagación doutras narracións e perspectivas.

<http://www.casadasatochas.info/>

<http://www.myspace.com/casadasatochas>

O programa de proxeccións da Casa das Atochas centrase en 3 liñas de actuación principais: a estrea de traballos que favorezan a reflexión en torno á linguaxe filmica coa presenza dos propios autores (Miguel Castelo, Xurxo González, Ángel Rueda, Oliver Laxe ou Andrés Duque); o documento musical, respetuoso coa mestura de tendencias creativas do lugar e toda unha serie de títulos iconoclastas, activistas e radicais, que axudan a compoñer un modelo de guerrilla da comunicación. Películas heterodoxas de contido e forma que consintan o descubrimento de autores e propostas nas que creatividade e disidencia poden conciliarse,

un abanico amplo que abrangue directores (de Portabella a Glauber Rocha, de Pasolini a Ousmane Sembene, de Peque Varela a George A. Romero), cinematografías, estilos e épocas variadas lonxe do comercial e corporativo. Todo este programa vese respaldado por actividades continuas (obradoiros, coloquios, xornadas, escritos ou produción propia) que delimitan o papel desta actividade, creando unha estrutura aberta e participativa, de horizontalidade incluso na relación activa do receptor cos considerados “autores”.

Esta situación ven marcada por varios rasgos:

1) A especial relevancia e incidencia hoxe do conglomero audiovisual como medio expresivo-comunicativo de masas e a nosa posibilidade de intervención mediante o seu uso no espazo público en todas as súas dimensións. A sobrecarga, saturación ou uso banal das imaxes obriga a un esforzo múltiple, a acadar mecanismos de reflexión e coñecemento.

2) A súa fráxil presenza como elemento significativo de reflexión na sociedade e nos propios movementos sociais. A súa capacidade é esencial na acción sociopolítica e o seu ánimo de transformación: a reflexión artística ou contrainformativa audiovisual é unha sólida base de acción cara ao exterior.

3) A nosa insurrección contra toda forza da normalización e a denuncia da nosa asimilación as veces de gran parte das estratexias dominantes e impostas por un proceso intencionado, depurado e perverso, lévanos a dismantelar o conceto avasallador do sistema-espectáculo do supermercado da arte e, en expresión de Barthes, o seu significado imposto. Fronte ao dirixismo cultural e o predominio mercantil (imaxes hexemónicas –banais, dogmáticas, plantexadas como meras consignas- que representan á ideoloxía dominante), fronte á influencia destas formas no imaxinario e sensibilidade colectivos, cómpre construír eliminando as

súas estruturas, dinamizar ou provocar o cambio a partir de sucesos e feitos de expresión, efectos de saber, unha creatividade desde a disidencia.

4) Un arte de investigación e intervención precisa os seus espazos de creación e as súas redes de difusión. Acadadas estas, aínda con ferramentas limitadas, hoxe atopámonos no mellor momento de accesibilidade e capacidade de sintonía cos acontecementos por mor da ruptura da división tradicional tecnoloxía /ideoloxía.

5) Emprego de mecanismos de ruptura: análise e rexeito do discurso, a posta en escea, o relato, as constantes de xénero e identidade e o sustrato ideolóxico dominante. Necesidade de sortear o feito de que a visibilidade é tamén un instrumento tramposo e perigoso, pero tamén unha contribución á súa aprendizaxe: pulverizar os mecanismos de identificación facendo crítica das formas da burguesía, destruíndo o seu espectáculo do real e provocando unha toma de conciencia progresiva que represente confrontación co plantexamento de unidade, de universo narrativo, moral e supostamente *real* exemplarizante (ilusionista, idealista) e pechado que ten o audiovisual clásico, especialmente o cine xeneralista e de argumento.

Se institucionalizar é fixar, deter e crear tipificacións e hábitos, nós enarbolamos a periferia, o descentramento, a singularidade, mentres tentamos desenmascarar esa representación produto dun pacto non escrito co espectador que é parte da dominación sociocultural. Non cabe máis que reivindicar a elaboración, un arte de coñecemento, compromiso e mestizaxe, o derrubo da noción dun arte enclaustrado, relegado aos museos oficiais, que permita a defensa dun espectador conscente, activo, cómplice. Como consecuencia, teremos unha manifestación artística e política iconoclasta, capaz de quebrar falsas fronteiras e que, lonxe do revisionismo, furgue non só nas feridas, senón que acuda na súa procura, analise, experimente e ata destrúa.